

Categoría Ensino Primario: 3º Ciclo: 1º

Premio: 300€; 2º premio: 150€; 3º premio: 100€

2º Ciclo: 1º Premio: 120€, 2º premio: 75€

Traballos do Instituto "Collège Paul Eluard":

Premio único: 120€

Premio de Ilustracións

Asimesmo, con independencia dos premios de narrativa, concederanse dous premios de ilustración para os relatos de 2º e 3º Ciclo de PRIMARIA que as inclúan e que, a xuízo do xurado, teñan máis calidade. As ilustracións poderanse elaborar con calquera técnica artística e non superarán o tamaño dun folio Din A-4 . Os premios de ilustración estarán dotados con 75€ cada un.

O Xurado poderá declarar **desertos** os premios se estima que ningún dos traballos presentados acada calidade dabondo así como conceder **accésits** se o estima convinte.

Se o Xurado considera que o interese e a calidade dos traballos premiados acada un nivel de exemplaridade que aconsellara a súa publicación, o IES GREGORIO FERNÁNDEZ encargaríase da publicación dos traballos seleccionados nun formato de libro no que se incluírán tamén as ilustracións que resultaran premiadas.

8ª Para outorgar estes premios constituirase un Xurado conformado por profesores e o Director do IES GREGORIO FERNÁNDEZ de Sarria xunto co Alcalde ou persoa na que este delegue do Concello anfitrión.

O fallo deste xurado será inapelable, facéndose público no mes de Maio de 2012. O acto de entrega do premio terá lugar nas primeiras datas de Xuño de 2012.

9ª As obras que non resulten premiadas serán destruídas.

10ª A participación neste premio leva consigo ademais da total aceptación das bases o compromiso implícito do autor de non retirar a súa obra unha vez presentada e antes de se facer público o fallo.

En Sarria, Novembro de 2011

Coa colaboración de:



Láncara



Paradela



Páramo



O Incio



Samos



Sarria



Triacastela



IX PREMIO DE NARRACIÓN IES GREGORIO FERNÁNDEZ



IES GREGORIO FERNÁNDEZ

Rúa Castelao, s/n.

27600 SARRIA (Lugo)

www.edu.xunta.es/centros/iesgregoriofernandez



Láncara



Paradela



Páramo



O Incio



Samos



Sarria



Triacastela



IX PREMIO DE NARRACIÓN "IES GREGORIO FERNÁNDEZ"

O IES GREGORIO FERNÁNDEZ de Sarria (Lugo), en colaboración cos Excmos. Concellos de **O Incio, Láncara, Paradela, Páramo, Samos, Sarria e Triacastela**, a **Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)**, a **Deputación Provincial e Novagalicia Banco**,

Convoca o IX PREMIO DE NARRACIÓN "IES GREGORIO FERNÁNDEZ" co obxectivo de fomentar o gusto pola escritura e promover novos valores literarios entre a mocidade da comarca de acordo coas seguintes

BASES:

1ª Poderán concorrer a este premio os alumnos dos niveis de **ENSINO PRIMARIO, ESO, BAC e Ciclos Formativos** dos centros tanto **públicos** como **privados** comprendidos na comarca de Sarria e por razóns de irmandamento, o alumnado de 2º ciclo de secundaria do Instituto "**Collège Paul Eluard**"

2ª As obras serán inéditas e non deberán ter obtido ningún premio noutro concurso. Poderán ser escritas en **Lingua Galega** (preferentemente) ou **Castelá**. Os alumnos franceses poderán presentar os seus traballos na Lingua Francesa ou Bretona

A **extensión máxima** dos traballos establécense en 8 folios para BAC e Ciclos Formativos, 6 folios para 2º ciclo de ESO, 5 folios para 1º ciclo de ESO, 3 folios para 3º Ciclo de Primaria e 2 folios para o 2º Ciclo de Primaria. **Non se admitirán traballos dunha extensión superior á dita.**

Os relatos de Ensino Primario poderán ir acompañados dunha **ilustración** alusiva ao seu contido, que será valorada con independencia do texto.

Os participantes responsabilizaranse da autoría das obras presentadas, debendo responder por si mesmos nun eventual suposto de plaxio.

3ª A forma, o estilo e o tema serán libres: conto, narración, diálogo, etc. Terase en conta a orixinalidade do tema e valoraranse especialmente as temáticas relacionadas coa comarca de **TERRAS DE SARRIA** (contos populares, Camiño de Santiago, valores, etc.) Cada autor poderá presentar cantos orixinais desexe.

4ª Os orixinais, perfectamente lexibles, presentaranse por **triplicado** en formato "folio" (DIN A-4). Poderanse presentar manuscritos ou, preferiblemente, mecanografados (tipo Times New Roman, 12), tendo os manuscritos un mínimo de 25 liñas por páxina.

5ª Todos os exemplares presentaranse sen sinatura, utilizando **seudónimo** e irán acompañados dun sobre pechado sen máis indicacións no exterior que o **título** da Narración, o **seudónimo** e o **curso no que está** escolarizado o alumno. **No interior do sobre** figurarán todos os datos do autor: **Nome e apelidos, idade, enderezo, nivel de escolarización, curso e centro de ensino** ó que pertence

6ª O prazo de admisión de exemplares comeza na data de publicación desta convocatoria e rematará o día **31 de Marzo de 2012**. Toda a documentación deberá remitirse ao

IES GREGORIO FERNÁNDEZ
Rúa Castelao s/n.
27600 SARRIA (Lugo)

Indicando no sobre: **IX PREMIO DE NARRACIÓN IES GREGORIO FERNÁNDEZ**

7ª Establécense os seguintes premios, en metálico, que serán abonados en Novagalicia Banco:

Categoría BAC e Ciclos Formativos: premio dotado con 300€

Categoría ESO: segundo ciclo 1º premio: 300€ e diploma; 2º premio: 150€.

Primeiro ciclo: 1º premio 300€; 2º premio: 150€